

**PREGUNTA DE AER SOBRE A ACTUACIÓN REALIZADA NA RÚA CAMIÑO REAL
NA PARROQUIA DE CHAPELA.**

PLENO 02 MARZO DE 2017. ACTA 03/2017

Sobre a actuación realizada na rúa Camiño Real na parroquia de Chapela. No pleno correspondente ao mes de Novembro de 2016, AER presentaba unha pregunta sobre o pintado dunha raia amarela na saída de garaxe con VAO nº774. Pintado que incumpría unha resolución da Alcaldía. O concelleiro de Interior apuntaba que tiña un plan para regular o estacionamento da rúa Camiño Real e así acabaría co conflito xerado polo pintado da citada liña amarela. Preguntámonos se o concelleiro de Interior ve normal que se actúe en toda unha rúa, cando o problema era tan só o pintado dunha liña amarela dunha licenza de vao. Tamén nos preguntamos se ten constancia a Concellería de Interior de que a citada actuación estea a resolver os problemas que causaba a liña amarela do VAO nº774. A día de hoxe dende AER temos constancia de que o plan da concellería comezouse de forma parcial e non chegou a rematarse polo que preguntamos ao pleno:

Dá por rematada a Concellería de Interior a actuación no Camiño Real de Chapela?

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que somentes están implicadas cinco vivendas xa que se trata dun tramo pequeno e o da liña amarela afecta a dúas. Melloraron o aparcamento de catorce vivendas. Non está rematada a actuación porque falta unha varanda.